

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO O 26 DE OUTUBRO DE 2023, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALFONSO RUEDA VALENZUELA

DECRETOS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que se declara, en concreto, a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de interese autonómico denominado Novo Complexo Hospitalario Universitario da Coruña (CHUAC), no concello da Coruña.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do Convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Valga para o proxecto de humanización da praza do Souto, por un importe total de douscentos corenta mil trescentos vinte e nove euros con noventa e sete céntimos (240.329,97 €).
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do Convenio de colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e as organizacións non gobernamentais Solidariedade Internacional de Galicia, Asociación Galega de Comunicación para o Cambio Social (Agareso) e Asemblea de Cooperación pola Paz para a execución do proxecto Activistas polo mundo que queremos 2023-2024, por un importe total de setenta e tres mil seiscientos noventa e un euros (73.691,00 €).

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Acordo polo que se toma razón da posta en marcha de Galicia Resiliente como servizo de asesoramento técnico especializado para a promoción de iniciativas fronte ao cambio climático.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Acordo polo que se toma razón do inicio da tramitación da Orde pola que se regula a tarifa específica +65 nos servizos públicos de transporte interurbano de uso xeral de competencia da Xunta de Galicia.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello do Porto do Son para construír un muro no noiro existente entre a AC-550 e o camiño agrícola no lugar de Lamas-Abuín, por importe total de corenta e dous mil novecentos trinta e cinco euros con oitenta e tres céntimos (42.935,83 €).
- Acordo polo que se aproba o trámite de información pública e informe das administracións afectadas e definitivamente o proxecto de construción de acondicionamento da PO-235, terceira fase.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para o desenvolvemento do Plan de infraestruturas universitarias no ano 2023, por un importe total de dez millóns de euros (10.000.000,00 €), e a realización de pagamentos anticipados de ata o 100 % da subvención concedida.
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para adoptar medidas de dixitalización, sostibilidade e realización de obras no ámbito do Sistema de investigación universitaria de Galicia, por un importe de catro millóns oitocentos mil euros (4.800.000,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) para o financiamento dos gastos de limpeza dos centros públicos integrados, por un importe total de seiscentos cincuenta e oito mil oitocentos sesenta e catro euros (658.864,00 €), e se autoriza a exención da constitución das medidas de garantía previstas na normativa autonómica de subvencións.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Política Social e Xuventude para adquirir compromisos de carácter plurianual e para establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior á recollida no Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xaneiro, de subvencións de Galicia, e na Orde pola que se regulan as bases que rexerán o procedemento de concesión de axudas económicas para compensar os gastos do servizo de comedor das escolas infantís 0-3 dependentes de entidades privadas de iniciativa social para o curso 2023/24, e se procede á súa convocatoria. Importe: un millón douscentos trinta e sete mil cento tres euros (1.237.103,00 €).
- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto relativo ao procedemento de asignación do concerto social para a atención residencial e a intervención educativa integral e terapéutica con persoas menores que teñen que cumprir medidas xudiciais privativas de liberdade previstas na Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores no centro de reeducación de Monteledo (37 prazas) e no centro de atención específica de Montefiz (23 prazas) do complexo de Montealegre, en Ourense. Importe do orzamento do servizo: vinte e dous millóns novecientos noventa e seis mil cincocentos vinte euros con once céntimos (22.996.520,11 €). Valor estimado: cincuenta millóns douscentos cincuenta e dous mil oitocentos vinte e catro euros con noventa e nove céntimos (50.252.824,99 €).

CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE

- Acordo polo que se toma razón da concesión de axudas da Orde da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, do 13 de xullo de 2023, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións Emprendemento plus para apoiar o investimento e a creación de emprego co obxectivo de fortalecer e consolidar iniciativas de emprendemento de persoas autónomas e pemes, susceptibles de seren cofinanciadas no marco do programa Galicia Feder 2021-2027 (apoio ao investimento), e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva para as anualidades 2023-2024.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

INFORMES

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

- Informe sobre o balance da execución dos fondos para o financiamento de proxectos sostibles de mantemento e rehabilitación do patrimonio histórico con uso turístico (BIC) con cargo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Informe acerca da nova liña de actuación Estradas verdes, para a Rede autonómica de estradas de Galicia.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre o inicio dos trámites para a construción do aparcadoiro e da cafetaría do Novo Montecelo.
- Informe sobre o inicio da apertura do trámite de información pública e de audiencia no proxecto de decreto polo que se regula a sinalización, información, publicación e actividades promocionais das oficinas de farmacia.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe da participación conxunta no Fórum Gastronómico de Barcelona baixo a marca de Galicia Calidade.
- Informe sobre a convocatoria 2023 das axudas para fomentar o uso de instalacións e equipamentos en común en réxime asociativo, xestionadas pola Consellería do Medio Rural.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre a convocatoria para o ano 2023 para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de axudas para proxectos colectivos de modernización das infraestruturas dos portos pesqueiros, das lonxas ou establecementos autorizados para a primeira venda de produtos pesqueiros e dos lugares de desembarque, para a mellora da eficiencia enerxética, da protección do ambiente, da seguridade e das condicións de traballo, da calidade e do incremento do control e da rastrexabilidade dos produtos desembarcados procedentes da pesca e da seguridade das infraestruturas fronte a eventos meteorolóxicos provocados polo cambio climático, cofinanciada polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (Fempa).
- Informe relativo á actuación da Comunidade Autónoma de Galicia, en calidade de parte coadxuvante, no recurso contra a Comisión Europea que ten por obxecto a anulación do artigo 2 e do anexo II do Regulamento de execución (UE) 2022/1614 da Comisión Europea, do 15 de setembro, polo que se determinan as zonas de pesca en augas profundas existentes e se establece unha lista de zonas en que se coñece a existencia de ecosistemas mariños vulnerables ou a posibilidade de que existan.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DECLARA A URXENTE OCUPACIÓN DOS TERREOS NECESARIOS PARA CONSTRUIR O NOVO CHUAC

- O trámite autorizado polo Consello da Xunta é o seguinte paso tras a aprobación definitiva do proxecto de interese autonómico (PIA)
- A Xunta reserva 17 millóns de euros para as expropiacións
- O investimento do Goberno galego na nova infraestrutura sanitaria superará os 500 millóns de euros

O Consello da Xunta declarou, na súa sesión desta semana, a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de interese autonómico denominado Novo Complexo Hospitalario Universitario da Coruña (CHUAC) como trámite posterior á aprobación definitiva do proxecto de interese autonómico (PIA) o pasado día 5.

Desta forma, este mesmo ano dará comezo o proceso expropiatorio para a execución do novo hospital público, un trámite ao cal se destinará un orzamento de 17 millóns de euros. Adicionalmente, o proxecto de interese autonómico, que garante as actuacións respecto á licitación do proxecto de obra, prevé que a Xunta desenvolva a urbanización dun ámbito de Pedralonga para a relocalización das vivendas afectadas.

Paralelamente, a Xunta avanza no impulso das obras do complexo. O contrato de execución da torre polivalente, valorado en 35 millóns de euros, será adjudicado neste outono e está previsto que as obras comecen entre finais deste ano e inicios de 2024. Esta será a primeira edificación do novo CHUAC.

A maior obra sanitaria da lexislatura

A Xunta investirá máis de 500 millóns de euros no novo CHUAC co fin de preparar as instalacións sanitarias para a medicina e as necesidades dos pacientes da área sanitaria da Coruña e Cee nas vindeiras décadas. O complexo prestará atención a máis de 550.000 pacientes.

Este proxecto multiplicará por tres a superficie actual do hospital, que pasará dos 85.000 m² actuais a unha superficie construída de case 257.000 m².

Executarase un novo complexo hospitalario, aproveitando e reformando o actual hospital: actuarase en 5.865 m² de superficie actual para as conexións cos novos edificios, será dotado dun aparcadoiro integrado de case 47.000 m² e levantarase novas edificacións que suporán máis de 204.000 m² de superficie construída.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 240.000 € PARA IMPULSAR O POTENCIAL TURÍSTICO DO CONCELLO DE VALGA E REFORZAR A SEGURIDADE E A ACCESIBILIDADE DE VECIÑOS E PEREGRINOS

O Consello da Xunta autoriza un convenio para a humanización da Praza do Souto, preto do trazado do Camiño Portugués, onde se crearán zonas de lecer e áreas verdes

O Consello da Xunta autorizou hoxe a subscrición dun convenio de colaboración co Concello de Valga por 240.329 € para a humanización da praza do Souto, preto do trazado do Camiño Portugués, coa intención de reforzar o potencial turístico do municipio ao tempo que se mellora a seguridade e accesibilidade de veciños, visitantes e peregrinos.

A praza do Souto está situada dentro do ámbito de protección da capela da Nosa Señora de Lourdes, en Ponte Valga, e do seu cruceiro, ademais de no ámbito de protección dun hórreo centenario e o trazado da ruta do Camiño Portugués pasa preto de onde se sitúa a praza.

En concreto, está previsto eliminar o máximo que sexa posible o tráfico. Manterase só o acceso ás vivendas e reforzarase a área peonil. Tamén se prevé substituír o pavimento actual por un de pedra natural, renovar as instalacións de saneamento, soterrar as liñas aéreas de servizos, dotar de mobiliario urbano e crear zonas verdes e de lecer.

Con esta actuación preténdese, ademais, potenciar os elementos patrimoniais do concello próximos á praza, favorecendo o uso e gozo do contorno por parte de veciños e visitantes e fomentar o turismo cultural e patrimonial desde o rural.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PON EN MARCHA UNHA NOVA EDICIÓN DO PROXECTO DE EDUCACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO E A CIDADANÍA GLOBAL 'ACTIVISTAS POLO MUNDO QUE QUEREMOS', EN COLABORACIÓN CON TRES ONGD GALEGAS

- O Consello da Xunta deulle hoxe o visto e prace á renovación do acordo con Solidariedade Internacional de Galicia, a Asociación Galega de Comunicación para o Cambio Social (Agareso) e a Asemblea de Cooperación pola Paz
- Orzado en 73.691 euros, o Goberno galego achega ao proxecto 70.000 euros e as organizacións participantes, a contía restante
- O investimento da Xunta nesta iniciativa desde 2013 ascende aos 735.400 euros
- A medida enmárcase no Plan Proxecta de innovación educativa co obxectivo de traballar nos centros de educación secundaria obrigatoria (ESO) e formación profesional as desigualdades sociais e as súas causas, sobre todo nos países da Cooperación Galega

O Consello da Xunta aprobou hoxe a sinatura do convenio de colaboración coas ONGD galegas Solidariedade Internacional de Galicia, Asociación Galega de Comunicación para o Cambio Social (Agareso) e a Asemblea de Cooperación pola Paz para desenvolver unha nova edición do proxecto de educación para a cooperación Activistas polo mundo que queremos. A iniciativa conta cun orzamento de 73.691 euros, dos cales o Goberno galego achega 70.000 e a contía restante, as tres organizacións participantes. Desde o seu inicio en 2013, a Xunta investiu 735.400 euros nesta acción.

Porase en marcha así a décimo primeira edición do proxecto, desenvolvido por tres ONGD especializadas no ámbito da educación para o desenvolvemento. Desde o seu inicio en 2013, a colaboración entre a Xunta e as ONGD permitiu traballar co profesorado e alumnado dun total de 63 centros de educación secundaria obrigatoria (ESO) e de formación profesional, aos cales este ano se suman outros 6, co obxectivo de afondar nas desigualdades sociais e as súas causas e con especial atención á realidade dos países da Cooperación Galega.

A iniciativa enmárcase no Plan Proxecta de innovación educativa, destinado a impulsar a colaboración entre os distintos departamentos da Xunta que contan con programas dirixidos a centros educativos. O obxectivo é contribuír a que tanto alumnado como docentes sexan conscientes da interconexión entre realidades locais e dinámicas globais. Búscase tamén apoiar o exercicio da súa corresponsabilidade na construción da xustiza social, a través da educación para o desenvolvemento, a solidariedade e a loita contra a pobreza nos centros educativos da comunidade.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O investimento da Xunta destinarase aos custos derivados das formacións, servizos técnicos ou gastos de persoal para facilitarlle ao profesorado as ferramentas necesarias para incorporar neste curso 2023/24 o discurso da educación para o desenvolvemento e a cidadanía global, así como para favorecer por parte do alumnado vías de denuncia sobre as súas realidades a través de sesións que teñan o activismo como eixe central.

Maior sensibilización social

Ademais, a iniciativa aposta por unha maior sensibilización na sociedade sobre as desigualdades sociais mediante unha estratexia de comunicación integral que inclúa campañas de promoción nos medios de comunicación e nos centros educativos. Durante a execución do proxecto realizarase unha avaliación continua de todo o proceso.

O convenio entre a Xunta e as tres ONGD para poñer en marcha unha nova edición de Activistas polo mundo que queremos dá cumprimento aos compromisos do V Plan director da cooperación galega 2023-2026 e do Plan anual da cooperación galega 2023. Nesta liña, incídese no que se refire a levar a cabo unha política de educación para o desenvolvemento orientada a construír unha cidadanía global comprometida co cambio social, a solidariedade e o desenvolvemento humano sostible.

Cómpre sinalar que o V Plan director da Cooperación Galega recoñece o papel central das ONGD no sistema de cooperación ao desenvolvemento, como axentes relevantes para o diálogo de políticas e o fortalecemento do Sistema galego de cooperación.

As ONGD son entidades con coñecemento experto para promover e xestionar intervencións de desenvolvemento e fomentar a conciencia da cidadanía e a educación para o desenvolvemento no norte, co fin de promover valores de responsabilidade e solidariedade. Por esta dobre tarefa, a Xunta vén apoiando a actividade destas entidades no marco deste plan, que remata este ano a súa vixencia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACTIVARÁ UN SERVIZO PIONEIRO DE ASESORAMENTO TÉCNICO PARA PROMOVER EN GALICIA INICIATIVAS PÚBLICAS E PRIVADAS DE ADAPTACIÓN AO CAMBIO CLIMÁTICO

- Rueda resalta que especialistas en diferentes áreas asesorarán sobre medidas ou proxectos para adaptarse ao quecemento global
- Salienta que estará activo “a inicios do ano que vén” e que resolverá dúbidas “vía telemática ou por teléfono” a concellos e ás empresas ou entidades que forman parte da Alianza galega polo clima
- Cun horizonte temporal de 5 anos, de 2024 a 2029, e un orzamento global de case 1,3 M€, o servizo enmárcase no obxectivo de avanzar cara a unha Galicia climaticamente neutra, sostible e con máis resiliencia
- Entre as súas principais liñas de acción estará fomentar a colaboración público-privada, implicar de modo máis activo aos concellos, buscar vías de financiamento, impulsar a innovación verde e asesorar no deseño e redacción de novas medidas

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou que a Xunta activará “un servizo pioneiro” para asesorar tanto a entidades públicas coma privadas “sobre medidas ou proxectos para adaptarse aos efectos do cambio climático”. Tal e como explicou, o Consello acordou hoxe a posta en marcha desta iniciativa, *Galicia resiliente*, “a comezos de 2024”, coa que se consolidará a posición da comunidade como rexión líder e referente no eido da loita contra o quecemento global.

O obxectivo da Xunta é que Galicia acade a neutralidade climática, entendida como o equilibrio entre as emisións e as absorcións de gases de efecto invernadoiro derivadas da actividade humana. Así o recolleu na Estratexia galega de cambio climático e enerxía 2050 (EGCCE 2050), en liña co establecido no Acordo de París, aprobado no marco do Cumio do clima de Nación Unidas 2015.

Con este contexto e obxectivo principal, a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda decidiu impulsar a posta en marcha de *Galicia resiliente*, concibido como un innovador e completo servizo de asesoramento que actúe como facilitador de actuacións para o fomento e impulso de diferentes medidas de adaptación ao cambio climático dentro da Comunidade.

Cun horizonte temporal fixado en 5 anos, de febreiro de 2024 a xaneiro de 2029, a iniciativa contará neste período cun orzamento de case 1,3 millóns de euros para cumprir coa súa misión de avanzar cara a unha Comunidade sostible, baixa en emisións e con maior resiliencia ante os efectos do quecemento global.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O peso do servizo recaerá sobre un equipo integrado por profesionais de perfil técnico – enxeñeiros, arquitectos, graduados en dereito, ciencias políticas, xestión e administración pública ou titulacións análogas– e especializados en diferentes áreas de interese para o cumprimento dos obxectivos anteriormente sinalados.

Tal e como explicou Rueda, estes expertos orientarán “tanto aos 313 concellos galegos” coma ás “entidades ou empresas privadas que forman parte da Alianza galega polo clima. Este servizo de información e asesoramento “será gratuito e farase vía telemática ou por teléfono”.

O novo servizo terá cinco liñas de acción estratéxicas. En primeiro lugar e partindo da importancia da colaboración público-privada para que Galicia siga liderando a acción ante o cambio climático, asesorarase aos actores da Alianza na promoción de iniciativas colaborativas de mellora da resiliencia e de diminución dos seus efectos, e incentivarase a implicación dos concellos galegos na posta en marcha de accións a nivel local, no marco dos seus propios Plans de acción de clima e enerxía sostible (Pace).

Así mesmo, ofrecerá apoio e orientación na busca de vías de financiamento para levar a cabo accións de adaptación ao cambio climático promovidas tanto por entidades locais como polos membros da Alianza. Ademais, tamén axudará a aproveitar as oportunidades que ofrece en materia de innovación verde o programa da Misión de adaptación da UE, como rede de intercambio para promover accións de I+D+i no eido do cambio climático, e por último, prestará asesoramento técnico no deseño e redacción de programas, políticas ou accións aliñadas cos principios inspiradores da EGCCE 2050.

Referente a nivel nacional e europeo

Cómpre lembrar que esta nova iniciativa no eido do cambio climático enmárcase e virá complementar outras xa en marcha na Comunidade, cun funcionamento consolidado e que teñen convertido a Galicia nun referente na materia, a nivel nacional e europeo.

En concreto, Rueda resaltou o Pacto das alcaldías polo clima e a enerxía, impulsado pola Comisión Europea e coordinado en Galicia pola Xunta desde finais do ano 2017, cun balance de 285 concellos adheridos e que contan xa cos seus respectivos PACEs aprobados; a Alianza galega polo clima, que en xuño cumpriu un ano de funcionamento como ferramenta para o fomento das sinerxías público-privadas neste eido e suma ata o momento 89 socios; ou a Misión de adaptación ao cambio climático da UE, da que forma parte Galicia como unha das rexións escollidas pola Comisión Europea para facela máis resistente ao cambio climático no horizonte do ano 2030 pola vía da investigación, a innovación e o impulso do traballo en rede.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

De feito, o novo servizo de asesoramento da Xunta en materia de cambio climático irá especialmente dirixido a aquelas administracións, empresas e axentes sociais que xa teñen demostrado a súa implicación e compromiso neste eido a través da súa participación activa nalgunha das iniciativas anteriores, pero tamén estará aberto, por exemplo, a brindar apoio e orientación a aqueles concellos que aínda non forman parte do Pacto das alcaldías, co fin de fomentar así novas adhesións.

En definitiva, coa posta en marcha de *Galicia Resiliente* preténdese que a Comunidade siga sendo unha rexión líder na acción climática impulsando un servizo pioneiro de asesoramento técnico e especializado, facilitador de actuacións de fomento e impulso de medidas de adaptación ao cambio climático en todo o territorio galego.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA DESTINARÁ 5 M€ EN 2024 A IMPLANTAR A GRATUIDADE NO TRANSPORTE PÚBLICO AUTONÓMICO PARA OS MAIORES DE 65 ANOS

- Destaca que poderán viaxar de balde nas 3.500 “liñas de autobús da Xunta, no barco da ría de Vigo e no FEVE de Ferrol”
- Resalta que se trata de estender aos maiores unha gratuidade da que xa se benefician “máis de 160.000 mozos e mozas” grazas a tarxeta Xente Nova
- Explica que nun primeiro momento esta medida vaise aplicar a través da Tarxeta de Mobilidade de Galicia, que xa teñen máis de 52.700 maiores de 65 anos, e no futuro mediante o Carné +65
- A medida súmase a outras bonificacións do Plan de transporte público, como as que supón a tarxeta TMG, que van do 10 % de desconto ata o 50 % coa recorrencia
- Cómpre lembrar que, desde setembro de 2022, a Xunta vén aplicando un desconto do 50 % sobre as tarifas do autobús e do barco xa bonificadas

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, adiantou hoxe que o Goberno autonómico destinará 5 millóns de euros o próximo ano a implantar a gratuidade no transporte público autonómico para os maiores de 65 anos que se aplicará desde o 1 de xaneiro.

Rueda enmarca esta medida no reforzo que está a realizar a Xunta por reforzar a atención aos maiores como un sector de poboación esencial para Galicia. Cómpre destacar que nunha comunidade cunha dispersión xeográfica como a galega, o transporte público é moitas veces a única vía de acceso que teñen os maiores á sanidade pública, ás xestións administrativas ou aos centros de lecer.

O presidente explicou que a gratuidade aplicarase nas 3.500 liñas “de transporte interurbano da Xunta; no transporte da ría de Vigo”, concretamente nas conexións con Cangas e con Moaña, e “nos servizos do antigo Feve na comarca de Ferrol”.

Tal e como explicou o obxectivo é aplicar a gratuidade da que xa desfrutan “máis de 160.000 mozos e mozas galegos” a través da tarxeta Xente Nova aos maiores de 65 anos.

Rueda explicou que o Consello iniciou os trámites para, nunha primeira fase, aplicar esta gratuidade a través da Tarxeta de Mobilidade Galega (TMG) que xa teñen 52.720 maiores de 65 anos. O obxectivo é que posteriormente os beneficiarios poidan viaxar de balde grazas ao Carne +65, impulsado pola Consellería de Política Social e Xuventude e que incluírá descontos aos maiores en establecementos ou servizos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Aposta polo transporte público

A nova medida autorizada hoxe polo Consello da Xunta súmase aos incentivos que activou o Goberno galego no marco da súa aposta polo transporte público.

O Plan de transporte público de Galicia conta, así, cun completo sistema de bonificacións a través da Tarxeta de mobilidade de Galicia, da cal dispoñen actualmente 592.061 usuarios. Este dispositivo permite acceder a un desconto mínimo do 10 % sobre o prezo do billete, que pode acadar o 25 % ou o 50 %, segundo a recorrencia.

Tamén está en marcha desde setembro de 2022 un desconto do 50 % sobre as tarifas xa bonificadas, financiado maioritariamente pola Xunta de Galicia.

Ademais, preto de 160.000 menores de 21 anos xa viaxan de balde no autobús autonómico grazas á tarxeta Xente Nova, cunha media mensual de aforro neste ano de case 800.000 €.

Desde a implantación deste incentivo en 2016, os rapaces e rapazas que usan este dispositivo efectuaron máis de 19 millóns de viaxes gratuítas, cun aforro de máis de 24 M€.

Nos 9 primeiros meses deste ano, rexistráronse 4,4 millóns de viaxes gratis e uns aforros por máis de 7 M€.

Plan de transporte público de Galicia

O Plan de transporte público de Galicia, posto en marcha pola Xunta, permitiu ampliar a cobertura territorial do autobús interurbano na Comunidade. Así, as liñas pasaron de 900 a 3.570; as paraxes, de 20.000 a 55.000; e os servizos anuais, de 1,48 millóns a 2,35 millóns.

O Plan posibilitou que actualmente preto do 91 % da poboación teña unha paraxe de autobús de competencia autonómica a unha distancia inferior ou igual a 500 metros, fronte ao 73,6 % no ano 2016.

Tamén aproveita as prazas baleiras do transporte escolar, o que favorecen a mobilidade, especialmente, nas contornas rurais e, en concreto, para a poboación de máis idade. Cabe salientar que cada ano máis de 710.000 viaxeiros utilizan estas prazas baleiras do autobús escolar.

Como medida complementaria, o Plan de transporte público de Galicia tamén inclúe a modalidade baixo demanda, coa cal os usuarios poden solicitar por vía telefónica ou telemática servizos de autobús en calquera das localidades en que estea dispoñible.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

As persoas usuarias de transporte público autonómico poderán consultar na páxina web <https://www.bus.gal/gl> todos os servizos de autobús ao paso por cada concello, cos correspondentes horarios e rutas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A COLABORACIÓN CO CONCELLO DE PORTO DO SON PARA O REFORZO DUN NOIRO DA ESTRADA AC-550 E GARANTIR O TRÁNSITO SEGURO POR UN CAMIÑO MUNICIPAL NO LUGAR DE LAMAS-ABUÍN

- Actuarase na marxe esquerda da vía autonómica na parroquia de San Pedro de Baroña, ao norte do núcleo rural de Abuín, onde entronca o camiño municipal de acceso a varios predios de Lamas, Loncras e Toxodelo
- A intervención suporá un investimento que roldará os 43.000 € e será financiada integramente pola Xunta, que tamén contratará e executará as obras
- O Concello porá á disposición os terreos necesarios e asumirá a explotación, o mantemento e a conservación das obras realizadas
- Proponse a execución dun muro de contención da estrutura actual do noiro afectado polas choivas, que desaconsella na actualidade o uso do camiño agrícola por parte das persoas propietarias das parcelas desa zona polo risco de escorregamento
- Construirase un muro de xeometría irregular, duns 30 metros de lonxitude e 5 metros de altura máxima, para garantir a estabilidade do desnivel, permitir un maior ancho do camiño e mellorar as súas condicións de seguridade

O Consello da Xunta autorizou hoxe a colaboración co Concello de Porto do Son para construír un muro no noiro existente entre a estrada autonómica AC-550 e un camiño municipal no lugar de Lamas-Abuín.

O obxecto do convenio é intervir na marxe esquerda da estrada autonómica, no punto quilométrico 90+240, na parroquia de San Pedro de Baroña, ao norte do núcleo rural de Abuín, onde entronca o camiño agrícola municipal que serve de acceso a varias parcelas situadas en Lamas, Loncras e Toxodelo.

A intervención suporá un investimento que rolda os 43.000 euros, que será financiado integramente pola Xunta, a través da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, que tamén será a encargada de contratar e executar as obras.

Pola súa banda, o Concello de Porto do Son porá á disposición os terreos necesarios e asumirá a explotación, mantemento e conservación das obras realizadas.

Antecedentes e obra

O escaso ancho dispoñible entre a estrada AC-550 e este camiño xera un noiro de pendente 1/1 escavado nun substrato granítico de alta porosidade, sostido por un muro de 1,50 metros de altura que, debido ás copiosas choivas do outono de 2022, sufriu escorregamentos no tramo de máis pendente, o que desaconsella o seu uso por razóns

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

de seguridade viaria. É, por tanto, preciso acometer obras para que os propietarios das parcelas poidan acceder a elas en condicións de seguridade.

Esta colaboración do Goberno galego co Concello do Porto do Son persegue garantir a estabilidade do noiro e o uso seguro do camiño ás persoas propietarias dos predios agrícolas nesa contorna.

As actuacións que se prevén realizar neste treito da estrada céntranse na construción dun muro de contención de xeometría irregular duns 30 metros de lonxitude e 5 metros de altura máxima, sen considerar a zapata.

En concreto, o muro arrancará tras o muro existente, cunha cota lixeiramente inferior, de xeito que garanta a estabilidade do desnivel e xere un maior ancho do camiño que mellore as súas condicións de seguridade.

Esta intervención contratarase nas vindeiras semanas e prevese que poida estar rematada nos primeiros meses de 2024.


O Goberno galego continúa traballando na mellora das estradas autonómicas co fin de reforzar a seguridade viaria e proporcionarlle á cidadanía unhas vías eficientes e cómodas.

Imaxe de detalle do tramo do noiro afectado e plano da planta da actuación deseñada recollida no convenio autorizado hoxe:



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA O PROXECTO DE CONSTRUCCIÓN DA TERCEIRA FASE DE ACONDICIONAMENTO DA ESTRADA PO-235, NO CONCELLO DA LAMA, CUN INVESTIMENTO DE 3,9 M€

- O Executivo autonómico autoriza as expropiacións para mellorar as condicións de circulación e incrementar a seguridade no treito de 7 km da vía, desde a parroquia de Seixido ata A Portela da Cruz, no límite coa provincia de Ourense
- Ampliarase a calzada ata os 7 metros de ancho, distribuída en 2 carrís de 3 metros e con beiravías de 50 centímetros, ademais de mellorar o trazado en diversas curvas
- A previsión é licitar as obras e convocar as expropiacións no primeiro semestre de 2024, co obxectivo de iniciar os traballos o vindeiro ano
- Esta actuación da Xunta súmase ás xa executadas para o acondicionamento integral da PO-235 ao paso polo municipio da Lama, que supuxeron un investimento de case 3,7 M€

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de execución da terceira fase da mellora da estrada PO-235, no concello da Lama, que ten por obxectivo completar o acondicionamento no treito desta vía autonómica ao paso polo municipio pontevedrés.

O investimento que o Goberno galego destinará a esta nova actuación para mellorar as condicións de circulación e incrementar a seguridade viaria roldará os 3,9 M€, incluíndo o pagamento dos 150 predios necesarios para impulsar estas obras.

Mediante esta nova actuación, a Xunta actuará nun treito de algo máis de 7 quilómetros, entre o punto quilométrico 18+100 da estrada PO-235, á altura da parroquia de Seixido, ata o quilómetro 25+000, na Portela da Cruz, xusto no límite coa provincia de Ourense. Este tramo atravesa os núcleos, pertencentes ao concello da Lama, do Campo, A Fentosa e O Eido da Tendeira, ademais de dar acceso a outros núcleos dispersos.

A aprobación definitiva deste proxecto por parte do Goberno galego leva tamén aparelhada a declaración de utilidade pública, pola que se dispón a urxente ocupación dos terreos precisos. A superficie de expropiación acada os 47.905,70 m².

Na actualidade, o trazado deste tramo da PO-235 presenta ao longo do seu percorrido curvas de raio inferior a 25 metros e varios tramos de curvas consecutivas de 1 km de lonxitude; a sección da estrada é variable, de anchura máxima de 5,60 metros e con puntos especialmente estreitos, coincidentes con obras de paso da vía autonómica.

A través desta actuación e tratando de adaptarse aos condicionantes existentes, ampliarase a plataforma da calzada ata os 7 metros, distribuídos en 2 carrís de

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

circulación con 3 metros de anchura, respectivamente, e beiravías de 50 centímetros en cada marxe.


Na intervención, rectificaranse as curvas de menor raio para facilitar a circulación e diminuír o risco de sinistralidade, e renovarase a capa de rodaxe e o firme da estrada.

Na execución das obras tamén se incluírá unha adaptación da drenaxe transversal da plataforma con tres principais puntos de evacuación. Ademais, realizarase o revestimento de cunetas e renovarase o tendido, a sinalización horizontal e vertical, o balizamento e as defensas de seguridade.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade convocará o levantamento de actas previas das expropiacións e licitará a execución das obras no primeiro semestre de 2024, co obxectivo de iniciar os traballos o ano vindeiro. A actuación ten un prazo de execución de 12 meses.

Esta nova intervención da Xunta súmase ás actuacións xa rematadas de acondicionamento integral da estrada PO-235 ao seu paso polo concello da Lama, tras investir anteriormente case 3,7 millóns de euros na mellora inicial do treito entre a capital municipal e o punto quilométrico 11+870, no lugar de Antas, e realizar a reforma ata o lugar de Seixido, así como unha senda peonil no medio do traxecto.

Plano de situación do treito da actuación aprobada hoxe no Consello da Xunta:



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INXECTA OS PRIMEIROS 10 M€ ÁS UNIVERSIDADES PÚBLICAS PARA RENOVAR E CONSTRUIR FACULTADES E CENTROS

- Este é o primeiro dos catro acordos do novo Plan de Infraestruturas Universitarias, que mobilizará arredor de 100 M€ ata 2026
- En Santiago construírse a nova Cidade da Saúde e remodelarase a Facultade de Química, mentres que en Lugo se trasladará a Facultade de Formación do Profesorado
- En Vigo haberá un novo Centro de Investigación Mariña, en Pontevedra farase o estudo previo para a nova Facultade de Enfermaría e en Ourense construírse o Centro de Enxeñaría Aeroespacial
- Na Coruña inclúese os novos edificios do CITIC 2 da Coruña e, en Ferrol, o Centro de Investigación da Industria Intelixente

A Xunta inxectaralles este ano un total de 10 M€ ás tres universidades públicas no marco do novo Plan de infraestruturas. O Consello deu hoxe luz verde a este acordo, que se reeditará nos tres vindeiros anos cun orzamento de 40 M€ en total por parte do Goberno galego, que prevé mobilizar arredor de 100 M€ ata 2026.

O obxectivo desta nova liña de actuación é seguir avanzando na consolidación da excelencia e calidade do Sistema universitario de Galicia, a través de melloras nas infraestruturas dos sete campus, tanto rehabilitacións como construción de novos edificios modernos para facultades e centros de investigación adaptados aos retos de futuro.

Entre eles, cómpre destacar a nova Cidade da Saúde e a remodelación da Facultade de Química, en Santiago, e o traslado da Facultade de Formación do Profesorado ao Campus de Lugo.

Ademais, inclúense os novos edificios do CITIC 2 da Coruña, do Centro de Investigación da Industria Intelixente de Ferrol, do Centro de Enxeñaría Aeroespacial de Ourense e do Centro de Investigación Mariña de Vigo, así como o estudo previo para a futura Facultade de Enfermaría.

Este investimento súmase, como unha cantidade adicional, ao Plan galego de financiamento universitario 2022-2026, a folla de ruta de financiamento estable e certo con que contan as universidades galegas. Engádese, ademais, ao convenio asinado en 2021, por importe de 4,5 M€, para a mellora da eficiencia enerxética das infraestruturas universitarias, como anticipo a este Plan de infraestruturas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Nova Cidade da Saúde

As actuacións obxecto do convenio na Universidade de Santiago de Compostela pasan pola creación da nova Cidade da Saúde na capital galega. O obxectivo é construír un conxunto de edificios que acollan a Facultade de Enfermaría, a Facultade de Farmacia, un centro de investigación na área de Ciencias da Saúde e un aparcadoiro. Tratarase tamén dun edificio enerxeticamente eficiente, cunha baixa demanda e con produción propia de enerxía mediante fontes renovables. Ademais, reformarase a Facultade de Medicina e Odontoloxía.

No Campus de Santiago tamén está prevista a primeira fase da reforma integral da Facultade de Química, consistente na renovación dos faldróns da cuberta, a adecuación do baixo cuberta para acoller as instalacións de climatización, renovación de aire e extracción de gases de todas as estancias e a reforma do semisoto para acoller todos os laboratorios de prácticas que faltan por trasladar a este andar.

No caso do Campus de Lugo, acometerase a reorganización, reforma e ampliación do seu complexo docente para acoller a totalidade da actividade da Facultade de Formación do Profesorado (actualmente no centro da cidade) e a da Facultade de Humanidades, ademais das escolas de Enfermaría e Relacións Laborais. Completarase cun pavillón necesario para a docencia de educación física, así como con outras dependencias específicas que non teñen cabida nas actuais instalacións dispoñibles. Tamén se intervirá na envolvente do edificio e nas instalacións para renovalas e facelas enerxeticamente máis eficientes.

Centro de Investigación Mariña

No caso da Universidade de Vigo, rehabilitarase o edificio Siemens na ETEA para acoller a nova sede do Centro de Investigación Mariña (CIM). O obxectivo fundamental do centro é contribuír á conservación e uso sostible dos océanos, mares e recursos mariños a través da xeración e transferencia de coñecemento baseado na ciencia, a tecnoloxía e a innovación. No Campus de Pontevedra subvencionarase o estudo previo para a futura Facultade de Enfermaría.

No Campus de Ourense, o convenio inclúe a construción do Edificio Aeroespacial para cubrir a demanda de espazos das titulacións da Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo, grao e máster. Contará con espazos docentes, espazos de investigación e zonas para administración e servizos.

CITIC 2

No caso da Universidade da Coruña, a actuación principal é o Centro de Investigación nas Tecnoloxías da Información e as Comunicacións (CITIC 2), unha infraestrutura singular, única e pioneira no Sistema universitario de Galicia no eido das tecnoloxías da

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

información e a comunicación nas áreas da *big data* e ciencia de datos, computación de altas prestacións, internet das cousas e ciberseguridade con aplicación no eido da biomedicina e sustentabilidade, a industria 4.0 e o procesado da linguaxe natural. Contará con laboratorios singulares no eido da ciencia de datos e a intelixencia artificial, a robótica e a realidade virtual e aumentada.

No Campus de Ferrol, construírse o novo Centro de Investigación e Innovación da Industria Intelixente (CI3), unha infraestrutura singular no eido da enxeñaría industrial e naval, que contará co equipamento singular necesario e permitirá a creación dun polo de innovación de fabricación aditiva da industria 4.0 capaz de desenvolver proxectos estratéxicos e tractores no eido da enxeñaría, a innovación e o deseño. Será o centro de referencia do Campus Industrial de Ferrol, o primeiro con acreditación de campus especializado a nivel estatal e galego.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA UNHA ACHEGA EXTRAORDINARIA DE 4,8 M€ ÁS UNIVERSIDADES PARA APOIAR A DIXITALIZACIÓN E A MELLORA DA SOSTIBILIDADE

- O obxectivo é que avancen nos cambios realizados ata o momento, consolidando instalacións máis avanzadas e con maior eficiencia enerxética
- A USC actualiza o seu repositorio Minerva e mellora os sistemas de seguridade e electricidade e a eficiencia enerxética dos seus centros
- A UVigo adquire licenzas de software, afianzará o campus remoto e renova edificios nos seus tres campus
- No caso da UDC, fortalece os servizos que ofrecer aos seus investigadores e actúa en facultades e centros dos campus da Coruña e Ferrol

A Xunta transferirá ás universidades públicas galegas unha achega extraordinaria de 4,8 M€ para apoiar a súa dixitalización e mellora da sostibilidade nas súas instalacións. O Consello da Xunta aprobou hoxe a sinatura dun acordo neste sentido, cuxa repartición se dividirá a partes igual (1,6 M€ cada unha) entre as universidades de Santiago de Compostela (USC), Vigo (UVigo) e A Coruña (UDC), e que se destinará ás actuacións que estas entidades determinen.

O acordo enmárcase na aposta da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades por contribuír á transformación dixital e innovación das universidades de xeito que se consoliden e melloren os cambios realizados ata o momento e que se viron acelerados, forzados pola situación da pandemia. Inclúense, así mesmo, accións relativas á mellora de infraestruturas e obras, para optimizar a súa eficiencia enerxética. As contías están incluídas no Plan galego de financiamento universitario 2022-2026.

Actualización do repositorio científico da USC

No que atinxe á dixitalización, a Universidade de Santiago de Compostela destinará o orzamento deste convenio a dúas actuacións. Por unha banda, á actualización do repositorio institucional Minerva para facilitar a difusión dos artigos, teses e demais formatos da actividade investigadora almacenados nel. Por outra, á implantación dun módulo específico para a xestión de recursos humanos da investigación que permitirá incorporar a información específica dos contratos de investigación á xestión xeral de recursos humanos.

A USC é a universidade máis antiga de Galicia e, polo tanto, a que conta con edificios que precisan maior renovación. Neste sentido, a USC destinará este orzamento a mellorar os sistemas críticos dos seus edificios (eléctricos e de seguridade),

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

especialmente naqueles que combinan docencia e investigación. Ademais, as actuacións do proceso de renovación progresiva da envolvente dos edificios da USC e de melloras nos sistemas de iluminación e climatización para mellorar a súa eficiencia enerxética poderán ser tamén sufragadas a través deste acordo.

Licencias software e campus remoto na UVigo

No referido á dixitalización, a UVigo destinará os fondos a licenzas de software específico, todas elas base para as tarefas investigadoras, á contratación dun servizo de soporte para o campus remoto, ferramenta utilizada en numerosas reunións de proxectos de investigación con socios internacionais, así como ao impulso da participación e implicación dos estudantes no mundo da robótica, a través do desenvolvemento de actividades baseadas en novas tecnoloxías e promoción da actividade STEM.

No que atinxe á sostibilidade, a UVigo centra as actuacións na reparación dos edificios e na súa adaptación ás exixencias de accesibilidade, ademais de en diversas obras de mantemento. Así mesmo, sufragaranse accións dirixidas ao aforro enerxético, como a instalacións de bombas de calor, cambios de fiestras, colocación de iluminación led... Entre outros, beneficiaranse destas reformas o edificio Miralles (Vigo), o de Ciencias na sede Lagoas Marcosende (Ourense) ou o Benito Corbal do Campus de Pontevedra.

Mellora de servizos para os investigadores da UDC

As actuacións da UDC dirixidas ao fortalecemento da dixitalización reollen a mellora do acceso dos investigadores ou persoal investigador a sitios web e uso de produtos dixitais. Así mesmo, destinará parte do orzamento a mantementos informáticos e postas a punto de equipos e redes, a dotar de mellores sistemas de procesamento da información e a mellorar os niveis de ciberseguridade.

O capítulo de eficiencia enerxética céntrase en diferentes obxectivos como a mellora da habitabilidade, o aforro de enerxía, a seguridade, accesibilidade, a prevención de riscos e a funcionalidade e inclúe diferentes obras de reforma e acondicionamento de espazos para investigación, mellora das envolventes e cubertas, fiestras, ascensores, climatización... Estas actuacións desenvolveranse en diferentes edificios ou construcións dos campus da Coruña e Ferrol.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINARÁ CASE 659.000 Á FEGAMP PARA FINANCIAR OS GASTOS DE LIMPEZA DE CENTROS EDUCATIVOS DE 34 CONCELLOS

- Renóvase o acordo establecido en 2008 para favorecer a coordinación entre administracións
- Beneficianse 12 concellos da provincia da Coruña, oito da de Lugo, sete da de Ourense e sete da de Pontevedra

A Xunta de Galicia destinará 658.864€ á Federación Galega de Municipios e Provincias para financiar os gastos de limpeza de 34 centros públicos integrados (CPI) de 34 concellos de toda a xeografía galega. O Consello da Xunta deu luz verde á renovación deste convenio entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a FEGAMP, de tal forma que a entidade municipal contratará o servizo para os colexios e sufragarao coa achega do Goberno galego.

O obxectivo deste acordo é manter unha coordinación entre administracións que permita a prestación de servizos públicos do xeito máis eficaz e eficiente posible. Deste xeito evítanse tamén duplicidades e favorécese un uso responsable dos recursos.

A acción enmárcase no acordo marco asinado pola Consellería e a Fegamp no ano 2008 para o desenvolvemento do pacto local en materia de educación, segundo o cal o departamento educativo da Xunta de Galicia asumiu os gastos derivados do servizo de limpeza destes centros logo da adhesión dos respectivos concellos ao citado acordo marco. Os centros públicos integrados son unha tipoloxía de centros educativos radicados en zonas de baixa poboación que acollen alumnado das etapas de infantil, primaria e secundaria.

Cómpre lembrar que a limpeza dos colexios é competencia municipal e a dos institutos é autonómica. No caso dos centros públicos integrados, que aglutinan ensinanzas de primaria e de secundaria, a limpeza faise en colaboración entre ambas as administracións a través de convenio, coma o que hoxe se autoriza.

Centros beneficiados

Os centros obxecto do convenio son, na provincia da Coruña, os CPI Cruz de Sar (Bergondo), Antonio Orza Couto (Boqueixón), Vicente Otero Valcárcel (Carral), O Cruce (Cerceda), Eusebio Lorenzo Baleirón (Dodro), A Xunqueira (Fene), da Picota (Mazaricos), de Xanceda (Mesía), Virxe da Cela (Monfero), dos Dices (Rois), de Bembibre (Val do Dubra) e de Vedra (Vedra).

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Na provincia de Lugo beneficianse os CPI Luis Díaz Moreno (Baralla), de Castroverde (Castroverde), de Cervantes (Cervantes), Virxe do Monte (Cospeito), de Seoane (Folgo do Courel), Tino Grandío (Guntín), Uxío Novoneira (Pedrafita do Cebreiro) e San Tomé de Carballo (Taboada); mentres que na de Ourense inclúense os CPI Tomás Terrón Mendaña (Carballeda de Valdeorras), Virxe dos Remedios (Castro Caldelas), Antonio Failde (Coles), Laureano Prieto (A Gudiña), de Maside (Maside), de Padrenda-Crespos (Padrenda) e Virxe da Saleta (San Cristovo de Cea).

Finalmente, o acordo inclúe os CPI da Cañiza (A Cañiza), Curros Enríquez (Pazos de Borbén), de Pontecesures (Pontecesures), Domingo Fontán (Portas), Julia Becerra Malvar (Ribadumia), Manuel Suárez Marquier (O Rosal) e do Toural (Vilaboa), todos eles na provincia de Pontevedra.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA MÁIS DE 1,2 MILLÓNS DE EUROS PARA SUBVENCIONAR O SERVIZO DE COMEDOR PARA AS MÁIS DE 1.900 PRAZAS DAS ESCOLAS INFANTÍS DE INICIATIVA SOCIAL

- Estas axudas permitirán que as familias que levan os seus nenos a estes centros paguen o comedor en función da súa renda
- O prezo máximo que terán que aboar será de 74 euros mensuais e as familias con menos recursos terán o servizo de balde

O Consello da Xunta aprobou hoxe unha nova orde de axudas destinada ás escolas infantís de iniciativa social (EPIS) cun orzamento de máis de 1,2 millóns de euros. Este investimento permitirá financiar o comedor para as máis de 1.900 prazas de 0 a 3 anos que ofertan estes centros, que se poderán acoller aos prezos para este servizo que rexe para as escolas infantís da rede pública autonómica.

A través desta liña de subvencións, que en vindeiros días publicárase no Diario Oficial de Galicia (DOG), as familias que levan os seus fillos a estas escolas de iniciativa social pagarán o comedor en función das súas rendas. Así, o prezo máximo que terán que aboar son 74 euros ao mes; e as familias con menos ingresos terán o servizo gratuíto.

No curso pasado foron un total de 40 escolas infantís dependentes de entidades sen ánimo de lucro, que suman máis de 1.900 prazas de 0 a 3 anos, as que se acolleron a esta orde de axudas. Estes centros, ao igual que os públicos e os de titularidade privada, teñen a atención educativa gratuíta para todo o alumnado.

A Xunta destina cada ano 55 millóns de euros de fondos propios a financiar a gratuidade no 100% das escolas infantís, medida da que se poden beneficiar máis de 31.000 familias galegas e que supón para elas un aforro de 2.000 euros por curso. Outras medidas de apoio aos pais impulsadas polo Executivo autonómico son a Tarxeta benvida, as casas niño ou o Bono concilia familia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVESTIRÁ PRETO DE 23 MILLÓNS DE EUROS NA ATENCIÓN RESIDENCIAL, EDUCATIVA E TERAPÉUTICA NOS CENTROS DE MONTELEDO E MONTEFIZ, EN OURENSE

Seleccionarase unha entidade para asinar un concerto social para a xestión destes dous centros inicialmente ata o ano 2027

O Consello da Xunta autorizou hoxe un investimento de case 23 millóns de euros ata o ano 2027 para garantir tanto a atención residencial como a intervención educativa integral e terapéutica nos centros de Monteledo e Montefiz, en Ourense. Nestes centros, o primeiro de 37 prazas e o segundo de 23 prazas, préstase atención residencial, intervención educativa integral e terapéutica a menores que teñen que cumprir medidas xudiciais privativas de liberdade.

A Administración autonómica empregará o procedemento do concerto social para seleccionar unha entidade que se ocupe destes dous servizos. O contrato poderá prorrogarse catro anos máis, polo que valor estimado do mesmo incluída esta ampliación ascende a 50,2 millóns de euros. Estas cifras supoñen un incremento medio anual de máis de 500.000 euros (cerca dun 11%) con respecto ao destinado na actualidade a estes servizos.

Nos centros de Monteledo e Montefiz, un equipo de profesionais traballa cos menores para conseguir a súa plena reinserción, a través de programas que perseguen a súa socialización e a adquisición das habilidades sociais, laborais e educativas necesarias para a súa integración na sociedade unha vez finalizada a medida xudicial.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 5,5 M€ PARA O EMPRENDEMENTO CON 200 AXUDAS QUE PERMITIRÁN A CONSOLIDACIÓN DE INICIATIVAS EMPRESARIAIS E A XERACIÓN DE 100 EMPREGOS

- O Consello da Xunta aprobou hoxe a resolución dunha das liñas de apoio ao emprendemento que a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade convocou por primeira vez este ano
- Son axudas para financiar investimentos e impulsar a creación de emprego en proxectos cunha antigüidade máxima de 42 meses
- A actuación mobilizou arredor de 10,7 millóns de euros e permitiu apoios medios de 28.000 euros por proxecto empresarial
- O 57 % dos beneficiarios foron pemes e o 32,6 %, persoas autónomas

O Consello da Xunta aprobou hoxe a resolución dunha liña de axudas da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade destinada a apoiar o emprendemento, un programa que convocou por primeira vez este ano (Emprendemento plus) e ao cal destinou 5,5 millóns de euros, o que permitiu conceder 200 axudas para apoiar a continuidade e consolidación de iniciativas empresariais en Galicia e a xeración de 100 postos de traballo.

As axudas estiveron dirixidas a diferentes colectivos que impulsan en Galicia o emprendemento: pemes, persoas traballadoras autónomas, sociedades mercantís ou laborais e empresas vinculadas á economía social. Os apoios, destinados a financiar investimentos e para impulsar o emprego en iniciativas emprendedoras cunha antigüidade máxima de 42 meses, sumaron unha media de 28.000 euros por proxecto empresarial. A convocatoria mobilizou arredor de 10,7 millóns de euros e a maior parte dos beneficiarios das 196 axudas foron pemes (57,14 %), seguidos do colectivo autónomo (32,65 %).

O 65,3 % das axudas estiveron dirixidas a proxectos nun concello rural e o 28 %, a iniciativas que xeran emprego feminino. Un 45 % dos apoios foron para negocios que xeran emprego desde a súa posta en marcha.

Esta actuación do Goberno galego demostra a súa aposta polas políticas de emprendemento, xa que con estes apoios se contribúe a consolidar iniciativas de emprendemento, incrementando a súa actividade económica e competitividade, e a crear empregos de calidade. Neste último senso, o programa novo apoia, dunha banda, investimentos, e doutra, as contratacións indefinidas iniciais de persoas desempregadas a tempo completo e de fixos discontinuos durante un mínimo de nove meses a xornada

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

completa, que se produzan entre o 1 de xaneiro de 2024 e o 31 de outubro do mesmo ano. A Xunta, no eido de emprendemento, tamén convocou este ano, con 7 millóns de euros, unha segunda liña de apoios, aínda pendente de resolver, dirixida a apoiar os investimentos de iniciativas empresariais máis recentes e contribuír á mellora da súa competitividade.

Así mesmo, está en marcha a Rede de polos de emprendemento con dez en activo, que se ampliarán ata os quince antes de que remate o ano. Con esta iniciativa, a Administración autonómica galega apoia o emprendemento rural creando emprego de calidade e promovendo o asentamento da poboación. Esta rede de polos, que se puxo en marcha hai algo máis dun ano, presta asesoramento individualizado ás persoas emprendedoras de Galicia en calquera fase en que se atope o seu proxecto empresarial, de principio a fin.

Búscase facer dos polos verdadeiros centros de dinamización dos territorios en que se asentán, sobre todo no rural, converténdooos en auténticos foros de interlocución que permitan recoller as demandas da súa poboación e dar resposta desde a Administración coa colaboración do sector privado.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA COMPLEMENTA CON PRETO DE 1,8M€ DE FONDOS PROPIOS AS ACHEGAS EUROPEAS PARA ACTUAR EN BENS DE INTERESE CULTURAL DO CAMIÑO DE SANTIAGO

O Consello da Xunta informa do estado de execución dos fondos asignados a Galicia para as actuacións en BICs con fins turísticos na convocatoria Next Generation

O Consello da Xunta informou hoxe do estado de execución dos fondos europeos asignados a Galicia para actuar en distintos bens de interese cultural con fins turísticos. Como se explica no informe, nestes momentos o Goberno autonómico ten en marcha oito dos 12 proxectos aprobados na convocatoria e complementou, ademais, estas contías europeas con 1,8M€ de fondos propios.

Desde que se asignaron estes fondos para Galicia, a Xunta está a xestionalos directamente e traballando para acadar no prazo máis breve posible a cesión dos terreos para as actuacións necesarias, así como as sinaturas dos convenios cos concellos ou entidades responsables dos bens.

Neste último trimestre a previsión é que estean licitados, adxudicados ou en trámite de adxudicación oito dos 12 proxectos BIC que forman parte da convocatoria, o que supón que están mobilizados case o 84% dos fondos. Trátase do proxecto da Illa de Ons, cun investimento previsto de 1,7M€, para a restauración paisaxística de obras e infraestruturas ou sinalización dixital; o cárcere vello de Tui (550.000€) para a rehabilitación sustentable do edificio e dotación eficiente do centros de interpretación; o Castelo de Santa Cruz de A Guarda (192.437€) para a mellora dos accesos e posta en valor ou Casa Museo de Valle Inclán en Vilanova de Arousa (575.960€) para a mellora axardinamento paisaxístico, iluminación ou dotación de contidos.

Tamén están en marcha os proxectos da fortaleza de Monterrei (14,4M€) para a súa restauración estrutural e paisaxística; o conxunto histórico artístico de Mondoñedo (137.697€) para soterramento sustentable de cableado, instalación de puntos de acceso wifi, desenvolvemento de recursos audiovisuais; o Parque do Pasatempo de Betanzos (1,5M€) para a restauración paisaxística e obras e infraestruturas ou a paisaxe cultural da Ribeira Sacra (1,4M€), para a adecuación de camiños e sendeiros, redución de emisión ou sistema de transporte fluvial sustentable.

Pola súa banda, o proxecto da Torre de Hércules, está pendente da aprobación da cesión do terreo por parte do Concello da Coruña; o Arquipélago de Sálvora, pendente de autorización por parte de Portos do Estado; a Ribeira do Lérez, pendente de autorización do Concello de Pontevedra, e as Torres do Oeste, en Catoira, está pendente e a piques de desbloquearse.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA DESTINARÁ 25 M€ DURANTE OS VINDEIROS 10 ANOS AO DESENVOLVEMENTO DA ESTRATEXIA DE ESTRADAS VERDES NAS VÍAS DE ALTA CAPACIDADE AUTONÓMICAS

- Resalta que se van “reforestar con especies frondosas autóctonas” as marxes dos preto de 500 quilómetros de estradas de titularidade da Xunta
- Explica que o obxectivo é “prever os lumes, gañar en eficiencia nas beiras das vías e contribuír a reducir as emisións”
- Salienta que esta Estratexia permitirá converter as estradas autonómicas “en corredores verdes”
- Suporá un salto cualitativo que permitirá que as vías actúen como filtro verde, mellorando a calidade do aire e a función ecolóxica da infraestrutura ao favorecer o hábitat de especies como as aves, e como medida de loita contra o cambio climático
- As actuacións coordinaranse entre a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e a Consellería do Medio Rural, a través de encomenda á empresa pública Seaga
- Comezará a materializarse nas vías de alta capacidade do Morrazo a primavera vindeira, cun investimento de máis de 1,7 M€
- Só na autovía do Morrazo, no ramal de Cangas e no corredor Cangas-Aldán plantaranse 25.000 frondosas autóctonas, o que permitirá ademais a absorcións de 5.616 toneladas de CO₂

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, adiantou hoxe que a Xunta va investir “25 millóns de euros” durante a vindeira década para o desenvolvemento da Estratexia de estradas verdes nos preto de 500 quilómetros de vías de alta capacidade autonómicas. “Vanse reforestar as marxes das estradas autonómicas con especies frondosas autóctonas”, explicou.

Rueda resaltou que esta iniciativa pioneira, avanzada no Debate sobre o estado da Autonomía ten como obxectivos “incidir na prevención dos lumes, gañar en eficiencia na conservación nas marxes das estradas autonómicas e contribuír a reducir as emisións” para avanzar cara á neutralidade en carbono nas estradas.

Deste xeito, a través do desenvolvemento das actuacións recollidas no informe elaborado pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e avaliadas hoxe no Consello da Xunta, perséguese, por un lado, o control e a erradicación das especies exóticas invasoras nas estradas autonómicas e, por outro, que actúen como barreira contra a propagación do lume.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Mediante esta proposta innovadora, ademais, preténdese conseguir que estas estradas actúen como filtro verde, mellorando a calidade do aire e a función ecolóxica da infraestrutura ao favorecer o hábitat de moitas especies, principalmente aves, e que sirvan coma una medida de mitigación na loita contra o cambio climático e absorción de CO₂, seguindo as estratexias e mediadas da Unión Europea e nacionais e a propia Xunta.

“Trátase de converter os 500 quilómetros da rede viaria autonómica en corredores verdes”, resaltou Rueda. Para iso, a estratexia incluirá, primeiramente, a eliminación de especies pirófilas e invasoras no dominio público viario: acacias, eucaliptos ou herba da Pampa. Seguidamente, implantará unha cuberta vexetal, mediante hidrosementeira que permita cubrir rapidamente o solo das marxes das estradas e impedir rebrotes e xerminación das especies anteriormente eliminadas, ao tempo que se evitan erosións.

Unha vez realizadas estas intervencións plantaranse especies de frondosas autóctonas, co obxectivo de formar unha masa arbórea consolidada a medio prazo que impida o crecemento de especies pirófitas ou invasoras.

As actuacións levaranse a cabo en coordinación entre a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, e a Consellería do Medio Rural, e materializaranse mediante encomenda á empresa pública Seaga, que xa vén realizando traballos de control da biomasa nas marxes das estradas autonómicas, cun contrato en vigor que supón un investimento de 3 M€ en dous anos.

Proxecto piloto na autovía do Morrazo

Rueda anunciou que esta iniciativa vaise implantar de forma piloto nas vías de alta capacidade do Morrazo e que irá estendéndose de xeito paulatino á rede autonómica nos seguintes anos.

Dado o innovador desta iniciativa, e aproveitando as intervencións que xa se están a executar na autovía do Morrazo de eliminación de especies pirófitas e invasoras a través da corta e roza, a Xunta xa está a traballar no primeiro proxecto de actuación nesta vía, incluíndo o ramal de Cangas (VG-4.5) e o corredor Cangas-Aldán (VG-4.6), que suporán un investimento de máis de 1,7 M€.

A través desta intervención, “a Xunta plantará arredor de 25.000 árbores” en toda a superficie desta autovía de titularidade autonómica, segundo resaltou o presidente que explicou que isto permitirá a absorción, ao final dun período de permanencia estimado de 35 anos, de 5.616 toneladas de CO₂.

Neste momento, o departamento de Infraestruturas xa se está a redactar o proxecto para transformar as vías de alta capacidade do Morrazo en estradas verdes, que prevé ter este mesmo ano. O obxectivo é iniciar os traballos na vindeira primavera.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Dotaranse así as marxes desta autovía e dos ramais dunha cuberta vexetal, unha vez que se actúa sobre as especies pirófitas e invasoras, para impedir novas xerminacións destas especies non desexables mentres a repoboación con especies de frondosas autóctonas non acada o desenvolvemento necesario.

Estas tarefas completaranse con traballos de mantemento e consolidación, cando menos, durante os 5 primeiros anos, que inclúen rozas, eliminación de rebrotes ou reposición de plantas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INICIA OS TRÁMITES PARA CONSTRUIR O APARCADOIRO E A CAFETARÍA DO HOSPITAL NOVO MONTECELO CUN INVESTIMENTO DE PRETO DE 15 M€

- O novo aparcadoiro contará con 892 prazas, polo que o número de estacionamentos dispoñibles no ámbito do hospital chegará a 1.281
- O Diario Oficial de Galicia publicará este venres o inicio do proceso de información pública do estudo de viabilidade do aparcadoiro
- Ademais, licítase a redacción do proxecto para a construción dunha nova cafetaría de 1.372 m² con vistas á ría, que terá un orzamento estimado de 3,9 M€
- A ampliación do hospital público de Pontevedra entrará en servizo cunha cafetaría provisional
- O investimento da Xunta na primeira fase en execución do novo hospital público de Montecelo elévase xa aos 138,5 M€ como consecuencia do incremento extraordinario de prezos e estará rematado en 2024
- O Goberno galego impulsa o novo hospital público de Montecelo no marco dun convenio de colaboración co Concello de Pontevedra, que participa no proxecto coa construción dos accesos e a posta á disposición dos terreos

O Consello da Xunta, na súa sesión desta mañá, deu conta do informe sobre o inicio dos trámites para a construción do aparcadoiro e da cafetaría do Hospital Novo Montecelo, como servizos complementarios á ampliación das instalacións hospitalarias de Pontevedra, que suporán un investimento de preto de 15 M€.

Tendo en conta que a oferta actual de estacionamento non é suficiente para a demanda existente en horas punta e que as prazas deben garantir a accesibilidade de persoas con mobilidade reducida, está previsto construír un novo aparcadoiro dotado de 892 prazas distribuídas en catro plataformas abertas e comunicadas entre si.

O Diario Oficial de Galicia publicará este venres o inicio do proceso de información pública do estudo de viabilidade deste novo aparcadoiro.

Segundo establece ese estudo de viabilidade, o novo aparcadoiro terá tarifas equivalentes ás do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo, coa primeira media hora gratuíta, a segunda media hora cun custo de 0,90 € e un prezo dun euro por hora a partir da primeira. No caso do persoal do Servizo Galego de Saúde, facilitarase unha tarifa de 30 euros ao mes.

Estímase que o investimento necesario para a construción do novo aparcadoiro sexa de 11.025.663 € (IVE incluído), cun prazo de explotación previsto no contrato de 25 anos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Para poder garantir a viabilidade da concesión coas tarifas establecidas, será necesario que a Xunta realice un esforzo económico adicional cunha achega inicial durante a fase de construción de 3.589.922 €, un 37,96 % do investimento, e unha partida anual de 440.000 euros.

No marco das obras en execución do novo hospital, disporase dunha zona de estacionamento en Urxencias con 128 prazas, manteranse 212 de dominio público no aparcadoiro en superficie existente, así como outras 49 ao longo da urbanización da contorna do hospital. Dese xeito, en total, haberá dispoñibles 1.281 prazas.

En canto á cafetería, situarase nun novo edificio de 1.372 m², que marcará o punto de conexión entre o hospital existente e o novo Montecelo, con terraza e vistas á ría de Pontevedra.

A Xunta, atendendo ao anteproxecto que ten redactado e que garante a integración entre o edificio hospitalario, o aparcadoiro e a cafetería, licitará un contrato de servizo por importe de 424.000 €, que inclúe os servizos de redacción do proxecto básico e de execución, a dirección de obra, a dirección de execución material, a coordinación da seguridade e saúde das obras do pavillón da cafetería e a dirección de obra do novo aparcadoiro do Hospital Novo Montecelo.

Estímase que a nova cafetería suporá un investimento de algo máis de 3,9 M€.

Ata que entre en servizo, habilitarase provisionalmente un espazo que funcionará como cafetería na zona de servizos do novo edificio hospitalario, cun espazo para os visitantes de 232 m².

Despois da tramitación de ambos os dous proxectos, a previsión é iniciar a execución das obras no primeiro semestre de 2025.

Novos servizos sanitarios en Pontevedra

O investimento da Xunta na primeira fase en execución de ampliación do hospital público de Montecelo elévase xa aos 138,5 M€ como consecuencia do incremento extraordinario de prezos. En día de hoxe, estase a piques de culminar totalmente a execución da estrutura, mentres no conxunto da obra se traballa a alto ritmo, simultaneamente, nas fachadas, instalacións e traballos interiores de tabicaría, carpintería, etc. Así, o obxectivo é contar coa obra rematada e poder poñer en servizo o novo edificio no ano 2024.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

No referente a novos servizos sanitarios, o Goberno galego destina 9,3 millóns de euros a novos equipos de alta tecnoloxía, o que permitirá que preto de 500 pacientes que se desprazan cada ano ata Vigo poidan tratarse en Pontevedra nos servizos de radioterapia, medicina nuclear e hemodinámica.

Do mesmo xeito, o Novo Montecelo implicará unha substancial mellora na asistencia sanitaria, xa que pasará a contar con 720 camas –120 máis que o hospital actual e case o 60 % dos cuartos serán individuais–, aumentarán un 92 % os postos de urxencia e un 49 % as prazas de hospital de día, poñeranse en marcha 3 novos quirófanos, haberá 53 consultas máis e crearase unha nova UCI pediátrica.

O Goberno galego impulsa o novo hospital público de Montecelo no marco dun convenio de colaboración co Concello de Pontevedra, que participa no proxecto coa construción dos accesos e a posta á disposición dos terreos.

Para rematar a obra e completar o equipamento do Hospital Novo Montecelo, o proxecto de orzamentos da Xunta reserva máis de 76 millóns de euros en 2024.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACTUALIZARÁ A REGULACIÓN SOBRE A PUBLICIDADE E AS ACTIVIDADES PROMOCIONAIS DAS FARMACIAS GALEGAS

- O novo Decreto definirá, por primeira vez, as actividades promocionais e informativas que poden realizar as oficinas de farmacia por medios dixitais, como web e redes sociais
- Así mesmo, substituirá ao decreto 107/2008 do 15 de maio, e desenvolverá tamén as disposicións relativas á sinalización e identificación das oficinas de farmacia
- O texto normativo entra agora na fase intermedia de tramitación, coa apertura dos trámites de audiencia e información pública

O Consello da Xunta abordou esta mañá, na súa xuntanza semanal, un informe sobre o proxecto de Decreto que regulará a sinalización, información, publicidade e actividades promocionais das oficinas de farmacia e boticas anexas e no que, por primeira vez, incorporará ao marco normativo os requisitos aplicables ao ámbito dixital -webs e redes sociais-.

Así, se ben as oficinas de farmacia poderán dispoñer de páxinas web propias, estas deberán estar rexistradas a nome da persoa titular -ou cotitulares-. Ademais, no eido das redes sociais, a información que se publique nos seus perfís deberá cumprir un conxunto de requisitos conforme a nova normativa.

En concreto, e co ánimo de limitar todo aquilo que poida favorecer o consumo de medicamentos ou produtos sanitarios, queda prohibida a publicidade e promoción da prestación de calquera servizo profesional farmacéutico que realice a oficina de farmacia -en particular naqueles relacionados cos medicamentos-; e de forma expresa a publicidade dos establecementos de farmacia realizada a través de cartelería, marquesiñas, medios de transporte ou eventos sociais e deportivos; así como a través de calquera medios de comunicación. Así mesmo, as páxinas web e redes sociais das oficinas de farmacia non poderán ofrecer ou enlazar a ferramentas de autodiagnóstico ou automedicación.

O proxecto de Decreto tamén contempla que non poderán realizar actividades publicitarias a través de persoas de relevancia científica, médica, cultural ou social, así como a través da colaboración con *'influencers'*, ou calquera outra persoa con impacto mediático. Ademais, quedan restrinxidas as promocións vencelladas ás rebaixas, *blackfriday*, *cibermonday*, ou datas semellantes.

Do mesmo xeito, non se permite a organización de eventos ou actividades -físicas ou virtuais- que teñan por obxecto a promoción das farmacias e boticas, cando a súa

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

finalidade sexa o incrementar as vendas, e cuxo resultado poida condicionar o exercicio do dereito á libre elección de oficina de farmacia por parte da cidadanía.

O texto normativo entra agora na fase intermedia de tramitación, coa apertura dos trámites de audiencia e información pública

Sinalización das oficinas de farmacia

O novo decreto, que substituirá o Decreto 107/2008 do 15 de maio, tamén regulará as disposicións relativas á sinalización e identificación das oficinas de farmacia e boticas anexas. Neste senso, definirá e estandarizará os elementos de rotulación e soportes a empregar polos establecementos farmacéuticos, co obxectivo de facilitar a súa localización por parte da cidadanía.

Sobre este particular, e como novidade, as oficinas de farmacia non poderán utilizar un nome comercial que non coincida co nome e apelidos da persoa titular ou cotitulares da oficina de farmacia. Quedará prohibido o uso de nomes de concellos, lugares, parroquias, accidentes xeográficos ou similares, así como os nomes que teñan relación co horario de apertura, e todos aqueles que poidan inducir a erro ou xerar falsas expectativas nas persoas usuarias.

A redacción deste novo proxecto normativo efectuouse en colaboración e coa activa participación dos Colexios Oficiais de Farmacéuticos de Galicia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PROMOCIONARÁ BAIXO A MARCA GALICIA CALIDADE A EXCELENCIA DOS PRODUTOS GALEGOS NO GASTRONOMIC FORUM BARCELONA 2023

- Esta feira é de relevancia internacional e terá lugar do 6 ao 8 de novembro, e configura un escaparate ideal para dar a coñecer o labor e o bo facer dos nosos produtores
- Esta participación nace dunha colaboración entre a Consellería do Medio Rural, a Consellería do Mar e a Consellería de Economía, Industria e Innovación

Galicia terá presenza no Gastronomic Forum Barcelona 2023 co obxectivo de promocionar baixo a marca Galicia Calidade a excelencia dos produtos galegos. Esta feira, de relevancia internacional, terá lugar na capital catalá do 6 ao 8 de novembro, e configura un escaparate ideal -conformado por máis de 350 expositores- para dar a coñecer a gastronomía galega e poñer en valor o labor e o bo facer dos nosos produtores.

A Xunta participará neste evento grazas á colaboración da Consellería do Medio Rural -a través da Axencia da Calidade Alimentaria-, a Consellería do Mar e a Consellería de Economía, Industria e Innovación, que traballarán en conxunto para xestionar unha actuación coordinada que abranguerá un posto con 25 expositores e 26 empresas e produtores confirmados.

Ademais, organizaranse programas gastronómicos e degustacións co obxectivo de promocionar a nosa gastronomía baseada en produtos galegos. Para reforzar aínda máis a acción, haberá dous *showcooking*, o que reforzará a promoción e a oportunidade que presentan os alimentos galegos para unha gastronomía de calidade.

Escaparates de tanta relevancia coma este conforman plataformas ideais para que os produtores galegos poidan ter acceso a novos mercados, de xeito que poidan chegar a un público global e establecer contactos con potenciais clientes e socios comerciais de diferentes partes do mundo. A presenza na feira permítelles amosar os seus produtos, realizar demostracións en vivo, entregar mostras e material promocional e xerar interacción directa cos visitantes.

Con todo, unha feira destas características é tamén un espazo perfecto para coñecer outras empresas, expertos, profesionais e líderes da industria de diversas partes do mundo, o que facilita a creación de redes de contacto valiosas, onde se poden establecer relacións comerciais, colaboracións estratéxicas para o crecemento e desenvolvemento da empresa.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Os expositores confirmados para esta acción conxunta representan unha ampla mostra de produtos da industria alimentaria galega, con alimentos do campo e do mar. Deste xeito, esta acción confirma o interese pola promoción dos nosos produtores e a sinerxía e complementariedade da nosa industria alimentaria. Haberá tamén unha selección doutros produtos que permitan complementar as oportunidades gastronómicas que ofrece a industria galega.

As empresas expositoras que contan co selo de Galicia Calidade, ou están en proceso de certificación, serán Quescrem, Tarta de la Abuela, Bico de Xeadó, Méndez Rojo, Gran Bazán, A Coroa, Gargalo, Viña Costeira, Bodega Ribada, Pazo Valdomiño, Licores e Augardentes Augavella, Queixería Barral, Santo André, Quesería Daniberto, Capitán Alga, Terras da Mariña, La Central Heladera, Mariscos O Percebeiro, Mariscos Alumar, Frigoríficos Rosa de los Vientos, Conservas A Rosaleira, Coren, Artesa Rías Baixas, Conservas Cortizo, Granja Campomayor e Jamones González.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 4 MILLÓNS DE EUROS PARA O FOMENTO DA UTILIZACIÓN DE INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTOS EN COMÚN EN RÉXIME ASOCIATIVO NESTE 2023

Convócanse anualmente e teñen como obxectivo mellorar os resultados económicos das explotacións agrarias e facilitar a súa reestruturación e modernización

O Consello da Xunta aprobou hoxe unha nova convocatoria de achegas para este 2023. Destinaranse catro millóns de euros en achegas para o fomento da utilización de instalacións e equipamentos en común en réxime asociativo, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020.

O obxectivo destas subvencións, que están destinadas ás cooperativas agropecuarias, é mellorar os resultados económicos das explotacións agrarias e facilitar a súa reestruturación e modernización, co fin de incrementar a súa participación e orientación cara ao mercado, así como a diversificación agrícola. Ademais, tamén busca reducir as emisións dos gases efecto invernadoiro e de amoníaco procedentes da agricultura.

Trátase dunha convocatoria plurianual e faise dentro do réxime de concorrencia competitiva. Está dirixida a cooperativas agrarias, que poderán financiar todo tipo de instalacións e investimentos de uso común, tanto de reforma como de nova construción, pero que supoñan unha redución dos custos de produción ou incrementen a súa produtividade. Tamén son financiáveis cuestións como a compra de terreo, os honorarios técnicos ou as licenzas.

A maior novidade en relación coas anteriores convocatorias é a exigencia dun mínimo de 10 socios nas cooperativas solicitantes. Ao tratarse dun réxime de concorrencia competitiva, aplicarase un baremo de puntuación, no cal se terán en conta cuestións como o número de explotacións agrícolas na cooperativa, investimentos en aforro enerxético, a súa limitación con zonas naturais ou a porcentaxe de mulleres que haxa na asociación.

Con axudas como estas materialízase o compromiso da Xunta de Galicia en prol do asociacionismo das explotacións agrarias, para facilitar o seu acceso á produción e a modernización dos procesos inherentes ao sector. Neste sentido, refórzase o asociacionismo como compoñente esencial nunha agricultura competitiva, sustentable e orientada ao mercado global.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINARÁ 10 MILLÓNS DE EUROS A MELLORAR INFRAESTRUTURAS E EQUIPAMENTOS DE LONXAS E PORTOS PESQUEIROS NO PERÍODO 2023-2025

- Os apoios permitirán avanzar na seguridade e condicións de traballo dos profesionais do mar e na eficiencia enerxética e protección ambiental, así como na conservación das descargas de peixe e marisco e a súa rastrexabilidade
- Tamén se promoverán actuacións que permitan ás dársenas e resto de instalacións portuarias estar mellor preparadas para afrontar as inclemencias meteorolóxicas que poida provocar o cambio climático
- Agora financiadas baixo o Fempa, nas anteriores convocatorias da Consellería do Mar co Fondo Europeo, Marítimo e de Pesca (FEMP) apoiáronse preto de 470 proxectos colectivos por un importe superior a 21 millóns de euros

A Consellería do Mar destinará no período comprendido entre 2023 e 2025 un total de 10 millóns de euros co obxectivo de modernización das infraestruturas dos portos, das lonxas ou establecementos autorizados para a primeira venda de produtos pesqueiros e dos lugares de desembarque. Estes apoios plurianuais enmárcanse na orde de axudas que publicará mañá o *Diario Oficial de Galicia* (DOG) e que forman parte das accións de mellora constante destas instalacións e dos equipamentos portuarios para facilitar o labor diario dos profesionais do mar e impulsar a competitividade e rendibilidade do sector. A estratexia que intégrase no Plan de equipamentos pesqueiros de Galicia 2030, que recolle un investimento total de 34,7 millóns de euros nese horizonte temporal.

Segundo analizou hoxe o Consello da Xunta, son obxecto destes apoios as actuacións que contribúan á mellora da eficiencia enerxética, da protección do ambiente e da seguridade e das condicións de traballo das persoas pescadoras. Ademais, serán subvencionables as iniciativas que favorezan a conservación das descargas de peixe e marisco, a súa rastrexabilidade, a selección ou a etiquetaxe.

Trátase de convocatorias vivas que van sumando novos investimentos cada ano para se adaptaren ás necesidades do sector. Despois de que a primeira convocatoria deste ano incluíse como subvencionables novas actuacións en materia de protección do ambiente e para contribuír a reducir a pegada de carbono, a principal novidade das que agora se porán en marcha por primeira vez financiadas polo novo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e Acuicultura (Fempa) está en que se promoverán actuacións nas dársenas e resto de instalacións portuarias e de primeira veda de peixe orientadas a estar mellor preparadas para afrontar as inclemencias meteorolóxicas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Segundo se recolle no documento estratéxico de planificación ata 2030, é necesario establecer mecanismos de reforzo e modernización de infraestruturas e instalacións de portos pesqueiros, fondeadoiros e lugares de desembarque para afrontar eventos inesperados que permitan mitigar as consecuencias do cambio climático. Isto supón contribuír a desenvolver portos resilientes.

Estas axudas poderán beneficiar as confrarías de pescadores, agrupacións de interese económico do sector pesqueiro, organizacións de produtores de pesca, cooperativas, asociacións profesionais de persoas mariscadoras e de redeiras.

Primeira convocatoria Fempa

O DOG recollerá mañá a orde que representa a segunda convocatoria para este ano 2023 deste tipo de axudas, despois da primeira que se lanzou a finais do ano pasado baixo o amparo do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) e que propiciou 73 actuacións por un importe superior aos 4,2 millóns de euros. Esta cantidade incrementarase agora, baixo a financiación do Fempa (que cobre o 70 % do investimento) noutros 2 millóns de euros.

Desde o ano 2016, as convocatorias anteriores postas en marcha pola Consellería do Mar permitiron apoiar 468 proxectos colectivos por un importe superior aos 21 millóns de euros. Dentro destas actuacións houbo un total de 48 para proxectos de eficiencia enerxética e protección do ambiente que mobilizaron preto de 3,5 millóns de euros, neste caso concreto desde 2019 ata o que levamos de 2023

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REMATA A FASE ESCRITA DO RECURSO DA OPP DE BURELA CONTRA O VETO DA COMISIÓN EUROPEA Á PESCA DE FONDO NO QUE A XUNTA DE GALICIA PARTICIPA COMO COADXUVANTE

- O Tribunal Xeral da Unión Europea (TXUE) informou as partes do peche da fase escrita, polo que concede un prazo de tres semanas para solicitar a realización dunha vista
- O Goberno galego comparece no procedemento en calidade de coadxuvante polo impacto negativo desta decisión que afecta directamente 200 embarcacións e indirectamente outras 946 de artes menores

O recurso interposto pola Organización de Produtores Pesqueiros (OPP-7) de Burela en conxunto con 16 compañías afectadas contra o veto da Comisión Europea á pesca de fondo segue o seu curso coa finalización da fase escrita. A Consellería de Mar, que comparece no procedemento como coadxuvante da parte demandante, presentou un informe no Consello de Goberno da Xunta de Galicia en que se detallan as accións realizadas ata o momento.

No documento destácase o traballo realizado polo Goberno galego ante o Tribunal Xeral da Unión Europea (TXUE) que rebate os puntos con incidencia técnica e científica alegados pola Comisión e o Parlamento Europeo en que se demostrando que o palangre demersal destinado á captura da pescada como especie obxectivo non reúne as condicións sinaladas no Regulamento de base, á vez que esta modalidade de palangre non figura na clasificación establecida sobre a protección dos ecosistemas mariños vulnerables (EMV) de alta mar fronte aos efectos adversos da utilización de artes de fondo.

Nesta liña, as evidencias achegadas polas institucións comunitarias carecen da debida validez polas súas inconsistencias ao non sinalar nada respecto ao palangre demersal, aínda que algunhas estaban referidas ao impacto do arrastre de fondo. Unha delas incluso facía unha valoración positiva respecto ao emprego do palangre, que é unha das modalidades de pesca máis selectivas, sostibles e respectuosas co medio mariño.

Desde a Xunta de Galicia sinálase que a controvertida prohibición afecta 87 caladoiros do Atlántico Nororiental prexudicando a máis dun millar de embarcacións, o que representa o 25 % da frota galega, 200 de forma directa e outras 946 de artes menores de forma indirecta. Neste sentido, o impacto socioeconómico desta decisión é outro dos apoios nas alegacións presentadas ante o Alto Tribunal, xa que o sector pesqueiro na

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

economía galega ten un peso no seu valor engadido bruto (VAB) 25 veces superior ao da UE e 6 veces superior ao do conxunto do Estado español. Tanto é así que se trata da principal actividade económica nun terzo dos concellos galegos.

Finalizada esta parte do proceso en que as partes presentaron os seus argumentos e as evidencias en que apoian as súas posturas no litixio, o Tribunal Xeral da Unión Europea abriu un prazo de tres semanas para solicitar a realización dunha vista. Desde a Consellería do Mar estase traballando en colaboración coa parte demandante na presentación da mencionada solicitude.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

